

MATERIA
Teoría da Educación

TITULACIÓN
Grao en Pedagogía

unidade
didáctica
3

A evolución do coñecemento da educación e modelos de evolución. Significación do coñecemento da educación

Tamara Valladares de Vera
Silvana Longueira Matos
José Manuel Touriñán López

Departamento de Pedagogía e Didáctica
Área de Teoría e Historia da Educación
Facultade de Ciencias da Educación

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

usc.gal/publicacions

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155191>

PROGRAMA XERAL DO CURSO**Localización da presente Unidade Didáctica**

1. Tese da materia 2020-21: explicación e razoamento.

2. Coñecemento das áreas culturais e coñecemento da educación: relacións e diferenzas, atendendo á diferenza coñecer-ensinar-educar.

3. A evolución do coñecemento da educación e modelos de evolución. Significación do coñecemento da educación.

3.1. Modelos de evolución do coñecemento da educación: a vinculación paradigmática das correntes.

3.1.1. Modelos bibliométricos e lingüísticos.

3.1.2. Modelo Tradicional de Evolución do Coñecemento da Educación.

3.1.3. Modelo de Crecemento do Coñecemento da Educación.

3.1.4. Correntes do coñecemento da educación.

3.1.5. Derivación do coñecemento pedagóxico e pluralidade de investigacións teóricas nas correntes.

3.1.6. Relación teoría-práctica nas correntes do coñecemento da educación.

3.1.7. Xeración de mentalidades pedagóxicas e o continuo corrente-disciplina-focalización-mentalidade-mirada-discurso-intervención-relación.

3.1.8. Mentalidade pedagóxica: substantividade, especificidade e compoñentes estruturais da intervención vinculados a ela.

3.2. O coñecemento da educación como experiencia práctica, como subalternación e como autonomía.

3.2.1. A subalternación é máis que dependencia disciplinar.

3.2.2. A tese da subalternación necesita suplementación.

3.2.3. A autonomía funcional e dependencia disciplinar son condicións da Pedagogía.

4. O concepto de teoría da educación na corrente marxinal, na corrente subalternada e na corrente autónoma do coñecemento da educación.

5. Carácter, sentido, significado, concepto e orientación formativa temporal en educación.

6. Compoñentes de ámbito de educación, deseño educativo, arquitectura curricular e tripla acepción técnica do ámbito.

7. Concepto, relacións e diferenzas entre autoeducación e heteroeducación, e entre procesos formais e non formais, por un lado, e procesos informais de educación, por outro.

8. Función pedagóxica: identidade, diversidade e complementariedade. O significado da función pedagóxica e a necesidade de xerar principios de acción.

9. Esixencias da profesionalización como principio do sistema educativo. Esixencias da profesionalización como principio do sistema educativo.

10. A relación educativa é un concepto con significado propio, explicación do significado e diferenza con outros conceptos necesarios, pero non suficientes.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

COMPETENCIAS – DESTREZAS

OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS

OS CONTIDOS BÁSICOS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A Unidade Didáctica que se presenta forma parte da materia de “Teoría da Educación” aparece como materia de formación básica dentro dos estudos de grao. A Teoría da Educación, como disciplina académica substantiva da Pedagogía, tamén é denominada noutros planos de estudos como “Pedagogía Xeral”. Correspóndelle a esta disciplina desenvolver o coñecemento teórico, tecnolóxico e práctico da parcela da educación que se identifica coa intervención pedagóxica xeral; é dicir, debe desenvolver a teoría e a tecnoloxía da intervención pedagóxica xeral e das dimensións xerais de intervención, co obxectivo de entender o coñecemento da educación e a súa relación coa función pedagóxica, a intervención pedagóxica xeral e os procesos de intervención, así como o carácter e o sentido que atinxe á mentalidade e á mirada pedagóxicas.

A disciplina académica substantiva de Teoría da educación responde ó conxunto de coñecementos consolidados nos seguintes núcleos temáticos:

- Núcleo epistemolóxico da educación como obxecto de coñecemento.
- Núcleo institucional de desenvolvemento da función pedagóxica.
- Núcleo de principios de indagación sobre a intervención pedagóxica.
- Núcleo de explicación da intervención pedagóxica.
- Núcleo de comprensión da intervención.
- Núcleo de dimensións e ámbitos de intervención.

A Teoría da Educación como materia no Plano de Estudos do grao responde só a unha parte dos contidos consolidados na disciplina da que procede. A materia está condicionada polo lugar e nivel que lle corresponde no plano de estudos. Esta materia ten asignados un total de seis créditos ECTS que se van desenvolver no primeiro curso da carreira, no segundo cuádrimestre.

Esta unidade didáctica ten especial importancia dentro da materia por diferentes razóns. Entre elas, porque configura o núcleo conceptual fundamental da materia sobre as que se erixen as UD consecutivas. Por outro lado, o contido representa a base sobre a que podemos xustificar a identificación, os elementos que xeran e singularizan a Pedagogía. Pois sendo a educación un ámbito onde conflúen diferentes disciplinas como a antropoloxía, a socioloxía, a filosofía, a psicoloxía, a economía, etc. faise necesario que o alumnado se interrogue sobre o que é propio da disciplina e o que procede doutras.

Os contidos abordados comezan coa diferenciación entre o coñecemento da educación e os coñecementos das áreas culturais, para logo disto analizar as formas de crecemento e os modelos de clasificación da evolución do coñecemento da educación.

Dentro destes modelos de evolución, atópase o de crecemento do coñecemento da educación. Seguindo a evolución doutros saberes, diferenciamos tres correntes. Cada unha achega coñecemento acerca do coñecemento da educación. Cada corrente marca un teito de coñecemento, crea un patrón de xustificación da acción pedagóxica e establece uns límites á capacidade de resolución de problemas do coñecemento da educación. O discurso pedagóxico de cada corrente establece para a intervención pedagóxica unha relación entre teoría e práctica diferente, que

caracteriza a función pedagóxica. O discurso pedagóxico, a función pedagóxica e a intervención pedagóxica enténdense de modo distinto en cada corrente. Todo isto senta as bases dos contidos desenvolto ao longo do cuadrimestre como se pode comprobar no programa da materia.

COMPETENCIAS – DESTREZAS

Na ficha xeral da disciplina, referida aos estudos de Grao, determínanse as seguintes competencias específicas:

- Identificar problemas educativos e indagar sobre eles para posibilitar propostas de mellora na práctica educativa desde as diversas mentalidades pedagóxicas.
- Iniciarse na realización de estudos prospectivos e avaliativos sobre características, necesidades e demandas relativas a modelos de educación.
- Ser capaz de explicar e comprender o sentido teórico, tecnolóxico e práctico da intervención pedagóxica.
- Ser capaces de usar e construír experiencia pedagóxica sobre a linguaxe básica do coñecemento da educación.
- Ser capaz de analizar comprensivamente o exercicio responsable da función pedagóxica fronte aos elementos estruturais da intervención.

As competencias e destrezas a desenvolver coa materia están relacionadas cos obxectivos.

OBXECTIVOS

1. Os obxectivos xerais.
 - Dominar o sistema conceptual da materia.
 - Utilizar a linguaxe específica da disciplina.
 - Estudar os coñecementos consolidados no ámbito da materia.
 - Familiarizarse coas estratexias de investigación máis usuais na disciplina.
2. Os obxectivos específicos.
 - Conseguir o dominio do sistema conceptual que configura a unidade.
 - Ser capaz de elaborar inferencias e establecer relacións sobre os contidos da UD.
 - Chegar á comprensión da coexistencia e a diferenciación segundo a análise contrastada dos criterios discriminantes das tres correntes baseadas na consideración do coñecemento da educación, como xeradoras de mentalidades pedagóxicas que configuran puntos de vista diverxentes sobre a identidade da Pedagogía.

- Desenvolver a forma de expresión escrita e a oral, así como a capacidade de expoñer contidos ante as compañeiras e compañeiros en espazos de discusión e diálogo ordenado e fundamentado.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Segundo o modelo do Espazo Europeo de Educación superior, o desenvolvemento da materia combinará as clases expositivas coas interactivas. Estas serán complementadas con titorías.

A metodoloxía pola que se opta é a metodoloxía *Flipped Classroom* ou Clase Invertida, nesta metodoloxía o alumnado desempeña o rol principal no seu proceso de aprendizaxe e o profesorado actúa como guía (Bergmann e Sams, 2012). O FC é un enfoque pedagóxico que propón traballar os procesos instrutivos sinxelos (observar, memorizar, resumir) fóra da aula, e utiliza o tempo de clase para procesos cognitivos máis complexos que requiren a axuda entre iguais ou a axuda do profesorado (razoar, resolver, argumentar...) (Castilla et al., 2015). Pero débese ter en conta que coa acción de “invertir” non nos referimos soamente a que o alumnado consulte a teoría previamente, senón que fai referencia a un enfoque integral da aprendizaxe (Tourón e Santiago, 2015).

Desta maneira, o alumnado achegarase aos contidos máis teóricos a través de vídeos e materiais sinxelos para chegar á clase cunha base de coñecemento que permitirá ao profesorado realizar na aula actividades de práctica, resolución de problemas ou análise de coñecementos. Desta maneira liberarase o tempo de clase para unha aprendizaxe máis activa e acompañada das docentes. O alumnado polo tanto, primeiro preparará as súas leccións na casa coa observación e a síntese da información mediante vídeos e textos, e pon, posteriormente, en práctica o aprendido na aula. De aquí a expresión *Flipped Classroom*, o sistema máis tradicional, o alumnado “aprende as leccións” en cada sesión e realiza as tarefas na aula co apoio das docentes.

O tema desenvolveríase na primeira quincena do mes de abril, dende o escenario de semipresencialidade no que se atopa a Universidade de Santiago de Compostela. O traballo levaríase a cabo en 5 sesións na que se combinan a sincronía, a asincronía e a presencialidade no Cadro 1.

Nas aulas telemáticas asíncronas o alumnado deberá traballar os vídeos e diferentes recursos que se prepararán para eles/as. O profesorado, á súa vez, estará conectado ao chat do campus virtual, do Teams e do correo electrónico (medios máis utilizados polo alumnado) para solucionar as dúbidas que puidesen xurdir na realización das actividades. O traballo do tema escollido para introducir esta metodoloxía comezará cunha telemática asíncrona seguindo a metodoloxía FC, no que o alumnado traballará o temario autonomamente co apoio dos materiais e as ferramentas en liña que se utilizarán.

Cadro 1. Cronograma da UD.

Sesiões da UD: A evolución do coñecemento da educación e modelos de evolución. Significación do coñecemento da educación.						
			1	2	3	4
5 Telemática asíncrona: 1,5 h	6 Telemática síncrona: 1,5 h	7	8	9	10	11
12 Telemática asíncrona: 1,5 h	13 Presencial: 1,5 h	14	15	16	17	18
19 Telemática síncrona: 1,5 h	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

Fonte: elaboración propia, 2021.

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS

No cadro 2, explicaranse as actividades propostas en relación ás sesións dedicadas ao traballo dos contidos desta UD:

Cadro 2. Relación das sesións de traballo coas actividades propostas.

UD: A evolución do coñecemento da educación e modelos de evolución. Significación do coñecemento da educación.	
Sesións de traballo	Actividades propostas
Telemática asíncrona (5 de abril, 1,5 h/casa)	<ul style="list-style-type: none"> • Visualización en <i>Edpuzzle</i> do vídeo curto “Conocer, ensinar y educar no son lo mismo” do Prof. Dr. José Manuel Touriñán e responder as preguntas. • Visualización do contido do tema representado a través dun <i>Genially</i>. • Lectura autónoma do artigo como complemento as dúas actividades previas: Touriñán López, J. M. (2018). La significación del conocimiento de la educación y su capacidad de resolución de problemas: Fundamentos desde el conocimiento pedagógico. <i>Revista Virtual Redipe</i>, 7, 1, 25-61.
Telemática síncrona (6 de abril, 1,5 h/clase)	<ul style="list-style-type: none"> • Debate sobre as respostas do vídeo. En que se acertou? En que se errou? • Momento para a resolución de dúbidas. • Visualización do vídeo curto “La pedagogía no es la filosofía y la filosofía no es la filosofía de la educación” do Prof. Dr. José Manuel Touriñán e explicación do seu contido, no cal se aprofundará na próxima asíncrona.

UD: A evolución do coñecemento da educación e modelos de evolución. Significación do coñecemento da educación.	
Sesións de traballo	Actividades propostas
Telemática asíncrona (12 de abril, 1,5 h/casa)	<ul style="list-style-type: none"> • Visualización en <i>Edpuzzle</i> do vídeo curto “La significación del conocimiento de la educación y su capacidad de resolución de problemas” do Prof. Dr. José Manuel Touriñán e responder as preguntas. • Realización dun <i>Kahoot</i> en modo reto sobre o traballado no vídeo. • Lectura autónoma do artigo como complemento ás dúas actividades previas: Touriñán López, J. M. (2018). La significación del conocimiento de la educación y su capacidad de resolución de problemas: Fundamentos desde el conocimiento pedagógico. <i>Revista Virtual Redipe</i>, 7, 1, 25-61.
Presencial (13 de abril, 1,5 h/clase)	<ul style="list-style-type: none"> • Xeración de grupos de 3-4 persoas a través dunha dinámica de grupos. • Realización dunha tarefa que consiste en xerar algún material audiovisual (vídeo de <i>TikTok</i>, <i>Youtube</i>, podcast en <i>SoundCloud</i>, ou en <i>Spotify</i> e <i>Apple Podcast</i> a través da app <i>Anchor</i>... O que decidan) para facer nos grupos xerados, nestes vídeos deberán resumir os conceptos esenciais traballados nas sesións previas. O profesorado fará seguimento das súas ideas e daralles apoio.
Telemática síncrona (19 de abril, 1,5 h/casa)	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición e visualización das creacións audiovisuais dos grupos de alumnado. • Debate sobre a visualización e conclusións que sacamos das mesmas. • <i>Kahoot</i> de avaliación final dos coñecementos adquiridos.

Fonte: elaboración propia, 2021

OS CONTIDOS BÁSICOS

Os contidos fundamentais que dan corpo a esta unidade didáctica correspóndense cos relacionados coa significación do coñecemento da educación e a súa evolución que se recollen a continuación:

1. A evolución do coñecemento da educación e modelos de evolución. Significación do coñecemento da educación.
 - 1.1. Modelos de evolución do coñecemento da educación: a vinculación paradigmática das correntes.
 - 1.1.1. Modelos bibliométricos e lingüísticos.
 - 1.1.2. Modelo Tradicional de Evolución do Coñecemento da Educación.
 - 1.1.3. Modelo de Crecemento do Coñecemento da Educación.
 - 1.1.4. Correntes do coñecemento da educación.

- 1.1.5. Derivación do coñecemento pedagóxico e pluralidade de investigacións teóricas nas correntes.
- 1.1.6. Relación teoría-práctica nas correntes do coñecemento da educación.
- 1.1.7. Xeración de mentalidades pedagóxicas e o continuo corrente-disciplina-focalización-mentalidade-mirada-discurso-intervención-relación.
- 1.1.8. Mentalidade pedagóxica: substantividade, especificidade e compoñentes estruturais da intervención vinculados a ela.
- 1.2. O coñecemento da educación como experiencia práctica, como subalternación e como autonomía.
 - 1.2.1. A subalternación é máis que dependencia disciplinar.
 - 1.2.2. A tese da subalternación necesita suplementación.
 - 1.2.3. A autonomía funcional e dependencia disciplinar son condicións da Pedagogía.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Na modalidade de Avaliación Continua á que se presentará o alumnado que siga as actividades e explicacións da aula con asiduidade -como as presentadas nesta UD-: a avaliación final estará composta por unha proba final dos contidos teóricos da materia, valorada en 5 puntos e pola elaboración e seguimento da totalidade das actividades de cada UD que sumarán 0,5 puntos á nota final. Conformándose desta maneira a nota total:

- 50% proba final de contidos teóricos.
- 50% actividades prácticas.

No caso da presente UD, utilizaranse ademais do seguimento individualizado do traballo do alumnado, unha rúbrica a través da cal se valorará a información obtida a través destas ferramentas: a opción de ver as respostas de *Edpuzzle*, *Kahoot* e *Mentimeter*, para conseguir o 0,5 para a suma da nota final da materia. Para responder os seguintes criterios de avaliación, que seguen a liña dos obxectivos específicos da UD, o alumnado:

- Conseguiu o dominio do sistema conceptual que configura a unidade.
- Foi capaz de elaborar inferencias e establecer relacións sobre os contidos da UD.
- Chegou á comprensión da coexistencia e a diferenciación segundo a análise contrastada dos criterios discriminantes das tres correntes baseadas na consideración do coñecemento da educación, como xeradoras de mentalidades pedagóxicas que configuran puntos de vista diverxentes sobre a identidade da Pedagogía.
- Desenvolveu a forma de expresión escrita, oral e dixital, así como a capacidade de expoñer contidos ante as compañeiras e compañeiros en espazos de discusión e diálogo ordenado e fundamentado.

BIBLIOGRAFÍA

- BELTH, M. (1971). *La educación como disciplina científica*. Buenos Aires: El Ateneo.
- BERGMANN, J. e SAMMS, A. (2012). *Flip your classroom: Reach every student in every class every day*. Eugene, OR: International Society for Technology in Education.
- CASTILLA, G., ALRIOLS, J., ROMANA, M. e ESCRIBANO, J. J. (2015). Resultados del estudio experimental de flipped learning en el ámbito de la enseñanza de matemáticas en ingeniería. En M. A. Ruiz Rosillo (Coord.) (pp. 774- 782). Madrid: Universidad Europea de Madrid.
- CASTILLEJO, J. L. e outros. (1994). *Teoría de la Educación*. Madrid: Taurus.
- DEARDEN, R. F., HIRST, P. H. e PETERS, R. S. (1982). *Educación y desarrollo de la razón. Formación del sentido crítico*. Madrid: Narcea.
- NOVACK, J. D. (1982). *Teoría y práctica de la educación*. Madrid: Alianza Universidad.
- NOVACK, J. D. (1998). *Conocimiento y aprendizaje. Los mapas conceptuales como herramientas facilitadoras para las escuelas*. Madrid: Alianza Editorial.
- TOURIÑÁN, J. M. (1987). *Teoría de la Educación. La educación como objeto de conocimiento*. Madrid: Anaya.
- TOURIÑÁN, J. M. (2008). *Educación en valores, educación intercultural y formación para la convivencia pacífica*. A Coruña: Netbiblo.
- TOURIÑÁN, J. M. (2010). *Artes y educación, fundamentos de pedagogía mesoaxiológica*. A Coruña: Netbiblo.
- TOURIÑÁN, J. M. (1993). La significación del conocimiento de la educación. *Revista de Educación*, 302, 165-192.
- TOURIÑÁN López, J. M. (2018). La significación del conocimiento de la educación y su capacidad de resolución de problemas: Fundamentos desde el conocimiento pedagógico. *Revista Virtual Redipe*, 7, 1, 25-61.
- TOURÓN, J. e SANTIAGO, R. (2015). El modelo flipped learning y el desarrollo del talento en la escuela. *Revista de Educación*, 368, 196-231.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA